



Canción : Éxito Vogal – Bule bule – Paco Nogueiras

A VOZ HUMANA


A voz é o instrumento natural máis antigo , completo e expresivo que existe. Permítenos comunicarnos cos demais mediante a fala e expresarnos musicalmente mediante o canto.

Pero : Como se produce a voz?



Ao espirar, o aire que sae dos pulmóns (1) pasa pola larinxe (2). Alí fai vibrar as cordas vocais (3) producindo o son.

O son da voz amplifícase na boca (4), as fosas nasais (5), a cabeza (6) e a cavidade torácica (7), que fan unha función similar á caixa de resonancia que teñen os instrumentos.



Así pois, para a produción da voz precísase o emprego de tres aparatos:

APARATO RESPIRATORIO : Encargado de abastecer o aire necesario para que se produza o son. (1)

APARATO FONADOR: Encargado da produción do son. (2 -3)

APARATO RESOADOR: Encargado de amplificar e darlle un timbre específico o son. (3, 4 , 5 , 6, 7)

A voz é vital, parte da nosa vida diaria, non só para os cantantes senón que mestres, locutores, cantantes, actores... empregan especialmente a voz nas súas profesións.. É importantísimo coidala e saber empleala. Moitos acoden a clases de educación vocal para traballala adecuadamente. O **foniatra** e o **logopeda** son dous dos especialistas que tratan a voz .